



INNOVACIÓN E INDUSTRIA PON EN MARCHA A LIÑA DE AXUDAS AOS TRABALLADORES AUTÓNOMOS PARA A ADQUISICIÓN DE ORDENADORES CUNHA DOTACIÓN ORZAMENTARIA DE 1,66 MILLÓNS DE EUROS

- **Fernando Blanco asinou convenios de colaboración con 32 comercios adheridos ao procedemento convocado pola Consellaría para o establecemento dun sistema de concesión de axudas aos autónomos para a compra de ordenadores**
- **A partir de outubro cada autónomo poderá mercar un ordenador cunha axuda do 45% do seu valor e un importe de ata 350 euros**

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2008.- O conselleiro de Innovación e Industria, o nacionalista Fernando Blanco, asinou esta mañá convenios de colaboración con 32 comercios que se adheriron á convocatoria aberta da Consellaría, a través da Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, para o establecemento dun sistema de concesión de axudas aos autónomos para a compra de ordenadores. A relación destas entidades colaboradoras será publicada no DOG na primeira semana de outubro, para, ao día seguinte, abrirse o prazo de presentación das solicitudes de axuda, que poderá acadar o 45% do importe do ordenador, ata un máximo de 350 euros. O investimento total que orzará esta liña de axudas é de 1,66 millóns de euros, que poderá beneficiar uns 5.000 traballadores por conta propia dados de alta no réxime especial de autónomos, agás comerciantes retalistas, que non son beneficiarios xa que existen liñas de apoio específicas para este tipo de investimentos.

O conselleiro de Innovación e Industria explicou que esta liña de axudas se encadra dentro da estratexia do seu departamento para estender a aplicación das novas tecnoloxías da información e da comunicación ao conxunto do tecido empresarial galego. De feito, a concesión de axudas a traballadores autónomos para a adquisición de ordenadores complementa a pasada Orde de axudas a empresas para a implantación de TIC, orzada con 5 millóns de euros e cuxos proxectos podían acadar até un 70% de subvención en actuacións en redes de área local e aplicacións informáticas entre outras.

Para a obtención da axuda, os traballadores autónomos deberán mercar o equipamento nalgunha das 32 entidades colaboradoras coas que hoxe se asinou o convenio e que cumpriron cos requisitos da orde de convocatoria publicada en xullo deste ano. Estes colaboradores localízanse en todo o territorio galego para facilitar a adquisición de ordenadores por parte dos autónomos. Canto á súa relación coa Administración, a tramitación das axudas é integramente telemática. O titular de Innovación e Industria destacou a axilidade e sinxeleza deste método, que beneficiará a todas as partes, pois os autónomos á hora de adquirir o ordenador só terán que presentar o DNI e o último recibo da Seguridade Social e aboar unicamente o importe da factura descontada a subvención.



Os equipos informáticos que adquiren os traballadores autónomos contarán con ferramentas ofimáticas de software libre de xeito gratuíto, con independencia de que dispoñan doutras aplicacións de pago que poidan interesar ao traballador. Para isto, a Consellaría fixo entrega ás entidades asinantes de dous CDs cos programas de instalación de Linux e aplicativos de software libre, así como dun DVD con ferramentas de xestión para PEMES. Con isto facilitarase o cumprimento das obrigas por parte dos comercios para a xestión desta liña de axudas.

Por outra banda, os traballadores que queiran desprenderse dun equipo obsoleto poderán depositalo na entidade colaboradora, que conta cos medios para entregalo para o seu aproveitamento e reciclaxe.

Segundo Fernando Blanco, a medida suporá un claro beneficio para o sector dos traballadores autónomos no actual contexto de crise económica e considerou tamén importante que os establecementos asociados verán aumentado o seu volume de negocio nesta época na que, segundo dixo, o comercio precisa impulsar as súas vendas.

Por outra parte, como en todas as accións da Consellaría de Innovación e Industria relativas á sociedade da información, neste caso tamén se busca a presenza de ferramentas informáticas favorecedoras da introdución do galego e do software libre. No propio procedemento da axuda permítense e foméntase a utilización do DNI dixital e da sinatura electrónica, ao tempo que se divulgará entre os autónomos os beneficios do seu emprego.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLARÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA